CURSO 2015-2016

3º EDUCACIÓN PRIMARIA

# REUNIÓN TITORÍA

## CEIP CONDESA DE FENOSA

# PROFESORES DO CURSO

Titora: Carmela
Inglés: Carolo
Música: Xaquín
Relixión: Ana
Informática: Xaquín
Educación Física: Modesto
Orientadora: Natacha
PT- Al: Anita- Moli- Marta-Genma

# DATOS PERSOAIS

Comprobar:

- **Enfermidades, intolerancias alimentarias ou alerxias.**
- Cambios de dirección.
- Teléfono.

# ENTRADAS E SAÍDAS

- **Para mellor organización na entrada do colexio, os nenos/as que veñen en coche deben baixar despois do paso de peóns, NON NA ZONA RESERVADA PARA TRANSPORTE ESCOLAR.**
- **Os nenos/as de Primaria non poden entrar pola porta de Infantil, só saír no caso de ter irmáns en Infantil.**
- **É necesaria a máis estrita puntualidade.**
- **Se o alumno/a non vaia utilizar o transporte escolar un día determinado, deberá entregar unha autorización asinada polo pai/ nai/ titor á titora (pode ser na axenda), e informar tamén a coidadora de transporte.**
- **Cuando ao rematar as clases un alumno/a non atope  a persoa encargada de recollelo, deberá poñelo en coñecemento do mestre e non marchar só para casa.**
- **Avisar cando o alumno/a non poida acudir ao centro e xustificar as faltas. Protocolo de absentismo escolar.**
- **Cuando un neno ten que ausentarse da aula deberán vir recollelos ao centro pedindo ao conserxe que avise ao neno/a e asinando no parte.**
- **Autorización  única para todas as saídas que se fagan no Barco, fotos ou videos con fins educativos.**

# SAÚDE E HÁBITOS

- É necesario presentar certificado médico para **xustificar alerxias a alimentos ou fármacos**. Non dar nada a través do enreixado do colexio para evitar que otros nenos/as poidan consumilos.
- **No caso de enfermidade infecciosa e/ou contaxiosa oneno/a deberá permanecer na casa** o tempo que determinen as autoridades sanitarias.
- **Informar a titora de calquera tipo de doenza ou toma de medicación**.
- No caso de que o neno/a tivese un **accidente** no colexio ou se mostrase indisposto, **avisarase aos pais/nais** para que o leven ao médico se o seu estado non é grave. No caso de que houbese unha certa urxencia, avisarase ao 112 ou levarase directamente ao hospital/centro de saúde, ao tempo que se avisará á familia.
- Avisar coa maior brevidade posible a titora no caso de que se detecten **piollos**.
- Compensar na casa a dieta saudable que se está levando a cabo no **comedor. Ler os menús.**
- Traer froita ou bocadillos e auga. As **comidas lixo non se poderán traer ao colexio.**
- Os nenos/as teñen que **durmir as horas necesarias** e **almorzar ben**. 10 HORAS MÍNIMO. É fundamental para o seu rendemento.
- **Control do ocio dos nenos**. Fomentar as actividades físicas ao aire libre.
- **Control do peso das mochilas**. Non debe superar o 10% do peso do neno.

# CONDUTA

- **Carné por puntos:** sistema para controlar e mellorar a conduta do alumnado. Entregarase ás familias para asinar antes das festividades de Samaín, Nadal, Entroido e Semana Santa.
- **Combater a agresividade** mantendo unha postura común. Acudir a titora para solucionar os conflitos. **Os pais/nais/titores non intervirán na resolución dos problemas entre os nenos/as.**
- Ante a posibilidade de que un neno/a estea sendo **acosado** por outro/a, deberase comunicar ao profesorado, que investigará a situación e tomará as medidas adecuadas para a súa resolución.
- Na aula teremos unha **caixa de suxestións** e/ou inquedanzas, onde os nenos poderán escribir sobre calquera tema que lles preocupe; para posteriormente poñelo en común na clase.

# OUTROS AVISOS

- **O horario de titoría é o martes de 17:10 h a 18:00.** Cita previa. Poderase deixar aos nenos/as na Biblioteca.
- Coa entrada da LOMCE o alumnado poderá **repetir** unha única vez na etapa, pero **en calquera curso.**
- Resulta fundamental que o/a neno veña con **aspecto limpo e aseado** ao centro. En **Ed. Física** ducharanse tras o exercicio**. Non achegar o material esquecido polo alumnado para fomentar a súa responsabilidade.**
- Sería aconsellable que as pezas de **roupa viñesen marcadas co nome na etiqueta** para que en caso de perda sexa máis doado a súa devolución.
- **Pregamos que lean as notas informativas que se mandan dende o centro.**
- **Os nenos/as traballan mellor se atopan interese polo seu traballo na casa**.
- **Actividades de biblioteca**: poderán colaborar os martes de 17:00 a 18:00 os pais/nais/avós… contando un conto ou unha historia. No caso de querer colaborar comentarllo a titora.
- Non se poden traer **móbiles** ao colexio. Nin ningún outro aparello electrónico, salvo permiso expreso da titora.
- Non entregar **cartos** aos nenos/as para vir ao colexio. Non lles fan falla para nada e só xeran conflitos.
- Non traerán ao centro: pelotas, nin bonecos, nin peluches,... porque moitas veces son fonte de conflitos.
- Consideramos importante que adquiran o hábito do cepillado dos dentes despois das comidas. Imos facilitarlles un lugar para gardar o material. Considérase imprescindible que as familias fomenten este hábito dende a casa.
- Este curso, como novidade, teremos unha reunión de todos os pais ao inicio de cada trimestre. Onde falaremos da marcha da clase e outros temas de relevancia que poidan xurdir.

# Obxectivos
# Metodoloxía
# Avaliación

PROGRAMACIÓNS 3ºEP CEIP CONDESA DE FENOSA

# OBXECTIVOS LINGUAS

- Ler con fluidez e entonación.
- Mellorar a compresión lectora.
- Ampliar vocabulario.
- Construír oracións e textos máis complexos.
- Afianzar ortografía.
- Reforzar gramática.

# OBXECTIVOS MATEMÁTICAS

- Mellorar o razoamento e resolución de problemas.
- Mellorar o cálculo.
- Manexar as medidas de lonxitude, tempo e capacidade na resolución de problemas.
- Ampliar os coñecementos da xeometría.

# OBXECTIVOS CC.NN e CC.SS

- Ampliar coñecemento sobre seres vivos.
- Afondar no estudo do entorno.
- Incidir no coidado do medio ambiente.
- Entender a organización dunha localidade.
- Aprender as principais idades históricas.
- Iniciar o traballo de resumes, esquemas, mapas conceptuais e proxectos.

# OBXECTIVOS ACTITUDINAIS

- Respetar aos demais.
- Resolver conflitos pacificamente.
- Traballar en equipo.
- Responsabilizarse das tarefas.
- Coidar os materiais.

# METODOLOXÍA

- Motivación.
- Autonomía na aprendizaxe.
- Atención á diversidade do alumnado.
- Educación en valores.

# AVALIACIÓN

**Avaliación inicial: punto de partida.**

**Avaliación formativa: dificultades e progresos.**

**Avaliación sumativa: consecución dos obxectivos.**

- **Permitir a evolución de cada alumno segundo as súas características individuais.**
- **Proporcionar ao alumno información para mellorar a súa aprendizaxe.**

# AVALIACIÓN

<u>Seguimento diario</u>:

Participación

Caderno

Tarefas

Lectura

Comportamento

<u>Probas específicas</u>:

Exames escritos

Tests

Preguntas orais

Resolución de exercicios

Traballos de investigación

# OUTROS ASPECTOS

- **Poden visitar cos nenos/as o blog da Aula de Carmela: http://carmelagarcia.blogaliza.org/ que se atopa na web do centro para reforzar contidos que imos traballando.**
- **A comunicación coa titora será a través da axenda do alumnado onde anotaremos datas de controis, notas dos mesmos, tarefas pendentes, avisos por mal ou bo comportamento…que terán que vir asinados.**
- **As tarefas que non se rematen na clase deberán ser feitas nos recreos, para aproveitar desta maneira o tempo de traballo.**
- **Os nenos/as deben adquirir hábitos de traballo na casa, repaso, lectura, práctica de cálculo.**
- **O mestre de música establece que as catro faltas de ausencia de material o alumno/a estará suspenso.**
- **Incidir na importancia de respetar as quendas de palabra e a escoitar aos mestres e compañeiros/as.**

**O NENO QUE CONFÍA NAS SÚA POSIBILIDADES E UN NENO FELIZ.**

**ESCOITAR con ATENCIÓN.**

**Sentirse orgulloso dos seus logros.**
**Fomentar o respecto as normas, os outros e a un mesmo.**
**Respectar os adultos e iguales cos que conviven.**
**Ir adquirindo seguridade no que fai e pedir axuda só cando o necesita.**
**Ser solidarios cos compañeiros. Traballar en grupo.**
**Ser responsables do material que utilizan.**
**Falade moito con eles. Interesádevos polo que fai na escola.**
**Dedicádelle tempo. Valorade o traballo dos nenos e amosade interese por el.**
**Non ser agresivos.**




*MOITAS GRAZAS:))*

*carmelag@edu.xunta.es*